



XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

Secretaría FGTM
Rúa Pontevedra nº 5 – 2º B
36630 – Cambados
Teléfono: 986.54.22.86
Fax: 986.54.22.86
Móbil: 686.58.76.39
Web: www.fgtm.net
E-Mail: carlosalonso@icapontevedra.es
CIF: G15149453

ASUNTO: INCOMPARENZA ATLÉTICO MURALLA

SOLICITANTE: S.D. RIBADEO – RESTAURANTE SAN MIGUEL

RESOLUCIÓN

En Cambados, a 26 de xaneiro de 2012.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por parte do delegado de equipo do S.D. RIBADEO – RESTAURANTE SAN MIGUEL se fai chegar escrito de alegacións ante o Xuiz de Disciplina Deportiva no que indica que na xornada de liga correspondente á 3ª División Galega – Grupo Norte que se tiña que disputar o día 22 de xaneiro de 2012 ás 11:00 horas no local do ATLÉTICO MURALLA, tanto o equipo locatario como o árbitro do partido non fixeron acto de presenza.

Á chegada do equipo de S.D. RIBADEO – RESTAURANTE SAN MIGUEL ao local de xogo ás 10:30 horas, sólo había dous xogadores do club locatario, ATLÉTICO MURALLA, polo que se decide esperar ata as 11,30 horas a ver si se achegaba un terceiro xogazdor co que poder disputalo encontro.

Non comparecendo o tercerito xogador do ATLÉTICO MURALLA, ás 11:30 horas, os xogadores de ambos equipos deciden suspende-lo encontro tendo ao equipo do ATLÉTICO MURALLA como non presentado, tal e como consta no acta que se xunta ao presente expediente.

SEGUNDO.- Que o pasado día 2 de xaneiro, o equipo ATLÉTICO MURALLA xa fora sancionado por este Xuíz Único ao non presentarse ao partido que tiña que disputar como locatario contra o DEZ PORTAS, coa perda do partido, a perda dun punto adicional, a pagar 100 € de multa á FGTM e reembolsar os gastos ocasionados ao equipo do DEZ PORTAS.



XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

Secretaría FGTM
Rúa Pontevedra nº 5 – 2º B
36630 – Cambados
Teléfono: 986.54.22.86
Fax: 986.54.22.86
Móbil: 686.58.76.39
Web: www.fgtm.net
E-Mail: carlosalonso@icapontevedra.es
CIF: G15149453

TERCEIRO.- Dende a Secretaría da FGTM se informa que a día de hoxe, o ATLÉTICO MURALLA non ten aboadas as taxas correspondentes ás licenzas da presente tempada, polo que tampouco teñen tramitado o preceptivo seguro deportivo, requisitos ineludibles para participar en competicións da RFETM. En particular, a 3ª División Galega, de cesión da xestión á Federación Territorial de Galicia, pero de titularidade e ámbito nacional.

CUARTO.- Como queira que se trata dun equipo reincidente nas incoparecenzas (co plus de gravidade ao non concorrer aos partidos que disputa en calidade de equipo local) e que hai que engadir o risco que supón a participación en competicións oficiais organizadas pola RFETM e a FGTM, así como a obrigatoriedade da tramitación das preceptivas licenzas que crea un agravio comparativo cos clubs cumpridores das súas obrigas, este Xuíz Único de Disciplina, **ACORDA:**

Sancionar ao **ATLÉTICO MURALLA LUGO:**

- Coa perda do partido correspondente á xornada de liga da 3ª División Galega – Grupo Norte que tiña que disputar fronte ao **S.D. RIBADEO – RESTAURANTE SAN MIGUEL** o día 22 de xaneiro ás 11:00 horas en Lugo, no local de xogo do Atlético Muralla
- A expulsión do Atlético Muralla da competición por non cumprir os requisitos esixibles para a súa participación nas ligas da RFETM e FGTM.
- Multa de 500 €, que deberá facer efectiva na conta bancaria da FGTM.
- Indemnizar ao **S.D. RIBADEO – RESTAURANTE SAN MIGUEL** cos gastos ocasionados polo desprazamento acreditados mediante as correspondentes facturas.

Todos os partidos disputados polo ATLÉTICO MURALLA teránselle por perdidos (incluso os que tivera gañados) co mesmo resultado. Os partidos que restan por disputar anotaranse como victoria do equipo rival con idéntico resultado.

O ATLÉTICO MURALLA non poderá voltar a formar parte da FGTM en tanto non aboe as sancións que ten pendentes, non podendo tramitar a súa alta como clube mentras permaneza como equipo debedor ante a Federación Galega de Tenis de Mesa.

A estes feitos é de aplicación a normativa seguinte:



XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

Secretaría FGTM
Rúa Pontevedra nº 5 – 2º B
36630 – Cambados
Teléfono: 986.54.22.86
Fax: 986.54.22.86
Móbil: 686.58.76.39
Web: www.fgtn.net
E-Mail: carlosalonso@icapontevedra.es
CIF: G15149453

I.- Lei do Deporte.

II.- Lei do Deporte de Galicia.

III.- Estatutos RFETM

IV.- Estatutos FGTM.

V.- Demais normativa vixente de aplicación a este suposto.

Déase traslado ás partes da presente resolución a cal non é firme, podendo acodir en segunda instancia ante o Comité de Apelación da Federación Galega de Tenis de Mesa, no prazo de **15 días dende a notificación da mesma.**

Carlos Alonso Piñeiro
Xuiz Único